

**Modelo de carta a enviar ao Presidente do Goberno (Mariano Rajoy Brey) por medios telemáticos na dirección de Internet:**

<https://portal-scc.presidencia.gob.es/ciudadan@s/contacto.jsp>

Encher todos os datos que figuran no formulario existente e pegar o texto seguinte.

Como persoa afectada polas políticas que leva a cabo o Goberno que Vostede preside, quero trasladarlle a miña total oposición á contrarreforma educativa denominada LOMCE que foi aprobada polo Congreso dos Deputados unicamente cos votos do PP.

Denuncio que dito Proxecto de Lei foi aprobado coa oposición da inmensa maioría da Comunidade Educativa do Estado español, desoíndo as reiteradas peticións da nosa sociedade que esixe retirar unha proposta que ataca o dereito á educación globalmente considerado e, especificamente, ao ensino público. Vostede, como Presidente do Goberno, fixo caso omiso a unha carta dirixida pola “Plataforma Estatal por la Escuela Pública” para que retirase a LOMCE e se reunise coas organizacións da Comunidade Educativa para establecer as bases dunha reforma que contase co apoio maioritario da sociedade, obviando tamén a petición de cese do Ministro e do resto de interlocutores nomeados por este.

Considero que levan razón as persoas que afirman que a contrarreforma denominada LOMCE vulnera dereitos fundamentais, recollidos en varios artigos e disposicións da Constitución Española e que a LOMCE, de ser aprobada, suporía un retroceso histórico que non nos podemos permitir. O futuro é máis e mellor educación, e non retomar o ensino predemocrático tirando pola borda todo o construído nas últimas décadas. A sociedade no seu conxunto fixo constar en todos os foros posíbeis o seu desacordo co este Proxecto de Lei.

Por todo o anterior, pídlle expresamente que retire o Proxecto de Lei denominado LOMCE e que poña fin aos recortes no eido educativo.

Quedo á súa disposición.